

Resolución do 26 de febreiro de 2025 para nomear a Comisión Asesora de MOOC (CAM) para a III Convocatoria de proxectos de innovación para a elaboración de MOOC da Universidade da Coruña.

O 20 de xaneiro de 2025 publicouse na sede electrónica da Universidade da Coruña (UDC) a III Convocatoria de proxectos de innovación para a elaboración de MOOC da *Universidade da Coruña*¹.

Segundo o artigo 6 da devandita convocatoria, a Comisión asesora de MOOC (CAM) contará cos seguintes membros:

- a) Presidente/a: persoa encargada da dirección d Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (en adiante CUFIE).
- b) Secretario/a: Ana M. Peña Cabanas, técnica da Unidade de Teleformación do CUFIE.
- c) Vogais:
 - I. Manuel García Torre, coordinador da Unidade de Teleformación do CUFIE.
 - II. Sonia M. Seijas Ramos, técnica da Unidade de Formación e Asesoramento do CUFIE.
 - III. Cando menos unha persoa do colectivo do PDI da UDC que participase nalgún curso MOOC da UDC e que non presente ningunha proposta na convocatoria actual. Esta persoa será nomeada pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización a proposta da dirección do CUFIE.

Por tanto, a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, de acordo co establecido na Resolución Reitoral do 16 de xaneiro de 2024, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da UDC e as competencias do seus², RESOLVE:

Nomear as seguintes persoas como membros da CAM:

Presidente: José Antonio García Naya (dirección do CUFIE)

Secretaria: Ana María Peña Cabanas (PTXAS do CUFIE)

Vogais:

Manuel García Torre (Coordinador da Unidade de Teleformación do CUFIE).

Sonia M. Seijas Ramos (Técnica da Unidade de Formación e Asesoramento do CUFIE)

Sandra Martínez Costa (PDI da Facultade de Ciencias da Comunicación)

A Coruña, asinado dixitalmente.

Moisés Canle López, vicerreitor de Titulacións e Internacionalización.

¹ https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2025/000412

² https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2024/004388